



## A PARTICIPACIÓN DA MULLER NOS PROCESOS HISTÓRICOS DO SÉCULO XVIII



*Elaboración propia*



# LÍNDICE

---

## A PARTICIPACIÓN DA MULLER NOS PROCESOS HISTÓRICOS DO SÉCULO XVIII

1. INTRODUCCIÓN E CONTEXTO HISTÓRICO.....	1
<i>Exercicios</i> .....	2
2. A PARTICIPACIÓN CULTURAL DAS MULLERES.....	3
2.1 Mary Wollstonecraft.....	3
2.2 Madame Geoffrin.....	4
<i>Exercicios</i> .....	4
3. PARTICIPACIÓN POLÍTICA DAS MULLERES.....	5
3.1 Catalina II de Rusia.....	5
3.2 Madame de Pompadour.....	5
3.3 Olympe de Gouges.....	6
<i>Exercicios</i> .....	8
SOLUCIÓN.....	9
Exercicio 1.....	9
Exercicio 2.....	9
Exercicio 3.....	9
Exercicio 4.....	9
Exercicio 5.....	9
Exercicio 6.....	9
Exercicio 7.....	9



## 1. INTRODUCCIÓN E CONTEXTO HISTÓRICO

---

A situación das mulleres no século XVIII estaba a miúdo condicionada pola súa **subordinación aos homes**, unha supeditación que atopaba xustificación en teorías de diversa índole: relixiosas, morais, científicas ou mesmo xurídicas. A súa consideración social e a súa supervivencia económica estaban, por tanto, frecuentemente ditadas pola posición dos seus pais, ou do seu cónxuxe.

As mulleres estaban sometidas, polo tanto, a serias restricións legais e sociais:

- Excluídas do dereito ao voto tras as primeiras revolucións liberais
- Relegadas dos cargos públicos
- Con dereito á propiedade rigorosamente limitado
- Privadas non só da educación superior senón que, na maioría dos casos, da educación máis elemental
- Sometidas á autoridade masculina practicamente en case todos os aspectos da vida

Non obstante, o século XVIII é coñecido por ser un período de grandes transformacións que anunciaban a proximidade da aparición dunha nova etapa histórica. Entre os principais acontecementos históricos do século XVIII cómpre destacar dous que ademais se atopan interrelacionados:

- A Ilustración, coa súa defensa da razón como o único medio para conseguir a verdade.
- A Revolución Francesa, inspiradora das revolucións liberais que acontecerán posteriormente no continente europeo.

A muller, a pesar de seguir sometida a maior parte do século XVIII a todas as limitacións legais, políticas, sociais e culturais do Antigo Réxime experimentou unha evolución significativa na súa participación en diferentes ámbitos. As mulleres comezaron a desenvolver roles cada vez máis activos e visibles en diferentes procesos económicos, políticos e culturais, froito dos cambios e das tensións da época e desafiando as normas establecidas.

Ao longo desta unidade analizaremos con algúns exemplos ilustrativos como diferentes mulleres influíron e foron influenciadas polos cambios dos tempos que lles tocara vivir nos ámbitos cultural e político, destacando, nalgúns ocasións, a súa valentía para desafiar as normas establecidas e a súa loita pola busca dunha sociedade máis xusta e igualitaria.

Algunhas destas mulleres contribuíron a algúns dos movementos revolucionarios e sociais máis relevantes do século XVIII e, coa súa loita pola igualdade de xénero, sentaron as **bases para o desenvolvemento dos movementos feministas** que van ter lugar nos **séculos XIX e XX**. Non obstante, esta loita por esa igualdade de xénero e participación da



muller nestes procesos históricos foi a miúdo infravalorada e está notoriamente menos documentada ca a do home.



## EXERCICIOS

---

### Exercicio 1

Indica tres exemplos de subordinación da muller ao home no século XVIII.

### Exercicio 2

Como contribuíu o século XVIII ao desenvolvemento do movemento feminista?

## 2. A PARTICIPACIÓN CULTURAL DAS MULLERES

A maioría das mulleres do século XVIII pertencían ás capas sociais máis baixas, a familias de artesáns, campesiños ou comerciantes, e, como xa se indicou, non tiñan acceso á educación nin pertencían a familias que puidesen atender ou incluso preocuparse polo nivel cultural das súas fillas. Deste xeito, o acceso ao saber das mulleres durante este período garda estreita relación coa capacidade económica e a condición social de cada familia.

Non obstante, houbo mulleres do século XVIII que fixeron contribucións significativas ao ámbito da cultura nos eidos literarios, artístico e musical e a continuación farase referencia a dúas delas, ben por participar directamente na Ilustración ou ben por seren coñecedoras e ferventes partidarias desta nova corrente cultural, que se asentou como a ideoloxía e a cultura propias da burguesía europea do século XVIII e que tamén resultou esencial no xurdimento do pensamento feminista.

### 2.1 Mary Wollstonecraft

**Mary Wollstonecraft**, nada en 1759 en Spitalfields, Londres, foi unha recoñecida filósofa, escritora, entre outros xéneros literarios, de novelas, ensaios ou tratados, e destaca pola súa defensa dos dereitos das mulleres no século XVIII. A súa obra deixou unha fonda pegada na loita pola igualdade de xénero e a literatura feminina.

Cando se aborda o tema da Ilustración é habitual aludir a pensadores como Montesquieu, Rousseau ou Voltaire, pero, pola súa vez, Wollstonecraft tamén foi unha das súas figuras máis relevantes.



"Mary Wollstonecraft" (John Opie  
CC0 1.0)

A súa infancia, marcada pola violencia doméstica, semella que influíu na súa visión crítica da sociedade patriarcal en que a muller carecía da valía e da relevancia do home, e esta circunstancia levouna probablemente a cuestionar dende moi cedo o papel subordinado das mulleres na sociedade. Na súa obra máis relevante, ***Vindicación dos dereitos da muller***, amósase a **favor da igualdade educativa e social das mulleres** e expón a situación de opresión e dependencia a que estaban sometidas. Esta obra pódese considerar visionaria, revolucionaria e adiantada aos movementos feministas que virán despois. Partidaria de que a muller debía ser educada do mesmo xeito ca os homes, opoñíase a que as mulleres fosen unicamente educadas para desenvolver o rol de esposas e nais.

## 2.2 Madame Geoffrin

Marie Thérèse Rodet Geoffrin, que se converteu en Marie-Thérèse Geoffrin cando casou e foi coñecida como **Madame Geoffrin**, pertenceu ao grupo de mulleres da aristocracia ou da alta burguesía que **organizaban salóns literarios** onde se establecían debates intelectuais. Esta muller foi figura destacada da vida intelectual e cultural da Francia do século XVIII, **mecenas da Ilustración**, organizadora dun dos máis famosos salóns literarios do seu tempo en París, e utilizou a súa fortuna para atraer a elite intelectual e artística de París para debater temas de arte, filosofía, literatura ou ciencia.

Entre os seus invitados figuraron ilustradores de renome como Voltaire, Montesquieu ou Rousseau. Grazas ao beneplácito do seu marido, que non se opuxo ás súas actividades sociais.

No seu salón celebrábanse reunións dúas veces por semana: os luns para artistas e os mércores para escritores e filósofos. Geoffrin foi sen dúbida símbolo destacado do mecenado na difusión da cultura e do progreso intelectual.



"Presunto retrato de Madame Geoffrin"  
(CCO 1.0)

## EXERCICIOS

---

### Exercicio 3

Cal era o panorama cultural e educacional da muller no século XVIII?

### Exercicio 4

Que situación educativa denuncia Mary Wollstonecraft en *Vindicación dos dereitos da muller*?

### Exercicio 5

Como se desenvolveu a contribución de Geoffrin á Ilustración?

### 3. PARTICIPACIÓN POLÍTICA DAS MULLERES

Como podemos deducir polo comentado ata agora, a participación política da muller no século XVIII foi bastante restrinxida, foi excluída dos círculos do poder político e, aínda así, houbo algunhas excepcións como algunha raíña, mulleres que aproveitaron o seu acceso aos máis altos círculos aristocráticos para involucrarse na política e mesmo algunhas mulleres que viviron moi de preto a Revolución Francesa.

#### 3.1 Catalina II de Rusia

Muller pertencente á aristocracia, Catalina II de Rusia, coñecida como Catalina a Grande, con fama de monarca ilustrada, reinou en Rusia durante a segunda metade do século XVIII tras acadar o poder despois de derrocar o seu marido, o zar Pedro III.

Esta recoñecida figura feminina do século XVIII destacou por desenvolver un rol político significativo tanto en política interna como externa, xa que **modernizou Rusia**, expandiu os seus dominios e converteuna na potencia hexemónica da Europa Oriental.



"Diderot e Catalina II de Rusia"  
(Hispalois CCBY-SA 4.0)

#### 3.2 Madame de Pompadour

Outra muller, esta vez de orixe burgués, de grande astucia política e que tivo un gran protagonismo na Francia do século XVIII, foi Madame de Pompadour, amante do monarca Luis XV. A súa relevancia foi tal que chegou a actuar como **conselleira do rei** e tomou parte nas decisións importantes do Estado.

Outra vertente na cal destacou foi na da promoción da cultura francesa e no mecenado das artes, pois patrocinou artistas, escritores ou músicos, entre os cales se atopaban figuras como Voltaire ou Rameau (o compositor francés máis influínte da época barroca). Así mesmo, foi impulsora da Enciclopedia, principal instrumento das ideas ilustradas.



"François Boucher-Madame de Pompadour Múnic" (Vassil CCO 1.0)

### 3.3 Olympe de Gouges

As mulleres involucráronse activamente na sanguenta Revolución Francesa na unión dunha burguesía con despreito cara ao campesiñado co obxectivo de facer fronte á aristocracia nobiliaria, participando en eventos como a **Marcha sobre Versalles** en outubro de 1789, onde demandaron pan e obrigaron o rei a trasladarse a París. A pesar de que o labor legislativo da Asemblea Nacional coa súa Declaración dos dereitos do home e do cidadán en 1789 non incluía as mulleres, moitas delas decidiron intervir activamente na política.

Un dos casos máis significativos foi o da activista política e feminista Olympe de Gouges, de nome real Marie Gouze. A súa determinación leváraa dende moi nova a París, onde exerceu de dramaturga abordando temas sociais e políticos controvertidos e amosándose profundamente feminista e revolucionaria.

A **Declaración dos dereitos da muller e da cidadá**, publicada en 1791, é un manifesto inspirado na Declaración de 1789 en que se denunciaba a marxinación das mulleres dos dereitos fundamentais proclamados durante a revolución. Constitúe a súa obra máis relevante, xa que ata o momento é unha das máis brillantes e radicais alegacións en favor das reivindicacións da muller.



Olympe de Gouges (Alexandre Kucharski. CC0 1.0)

Olympe de Gouges denunciaba que a revolución esquecera as mulleres no seu proxecto igualitario e liberador e isto levouna a **reclamar un trato igualitario da muller con respecto ao home en todos os aspectos da vida**: o dereito de voto, de exercer cargos públicos, de falar en público sobre asuntos políticos, de dereito á propiedade privada, de participar por igual na educación ou de idéntico poder na familia e na Igrexa. Incluso amosouse partidaria do divorcio e dun contrato anual renovable para os cónxuxes.

Na súa **Declaración de dereitos da muller e da cidadá**, entre outras afirmacións destacadas, figuran as seguintes:

#### Preámbulo

"Considerando que a ignorancia, o esquecemento ou o desprezo dos dereitos da muller son as únicas causas dos males públicos e da corrupción dos gobernantes...".

#### Artigo I

"A muller nace libre e debe permanecer igual ao home en dereitos..."

#### Artigo IV

"A liberdade e a xustiza consisten en devolver todo o que lle pertence ao outro; así, o exercicio dos dereitos naturais da muller non ten máis límites que a tiranía perpetua que o home lle impón. Eses límites deben ser reformados polas leis da natureza e da razón".

### Artigo VI

"(...) todas as cidadás e todos os cidadáns, sendo iguais ante os seus ollos (os da lei), deben ser igualmente admisibles a todas as dignidades, postos e empregos públicos, segundo as súas capacidades, e sen outras distincións que aquelas de súas virtudes e dos seus talentos".

### Artigo X

"Ninguén debe ser molestado polas súas orixes, incluso fundamentais. Se a muller ten o dereito de subir ao patíbulo, ela debe ter igualmente o dereito de subir á tribuna; mentres que as súas manifestacións non alteren a orde establecida pola ley".

Como se aprecia ao longo destes fragmentos Olympe de Gouges amosábase a favor dunha sociedade máis xusta e inclusiva que respectase a igualdade de xénero.

Os principios defendidos por Olympe de Gouges céntranse, polo tanto, na consecución da **liberdade, igualdade e dereitos políticos, sobre todo o dereito de voto, para as mulleres**, pero o activismo de Olympe de Gouges non se limitou só a defender os dereitos das mulleres, tamén se decantou en contra da escravitude, avogando pola súa abolición, xa que o seu compromiso coa xustiza e coa igualdade abranguía todos os ámbitos.

A súa posición en contra da represión xacobina e de Robespierre durante a etapa da convención levárona a ser vista como unha ameaza polos homes que dirixían a revolución e foi guillotizada o 3 de novembro de 1793, pero afortunadamente o seu legado continuou.

Non obstante, non foi a única voz feminina que se alzou discordante durante a súa época, paralelamente ao seu legado, durante o período da Revolución Francesa, xurdiron **clubs e sociedades femininas** como o **Club das Cidadás Republicanas Revolucionarias**, que se converteron en plataformas de voz para as mulleres, onde estas protagonizaban debates políticos que eran a proba do seu crecente desexo por participar na vida pública e política.

Como balance, o poder reaccionou de xeito negativo ante as propostas de Olympe de Gouges e outras das súas contemporáneas excluíndoas dos dereitos políticos, mesmo o posterior Código de Napoleón propagou unha visión do matrimonio en que a muller estaba obrigada a obedecer o seu marido, pero o movemento feminista non ía claudicar, como quedará demostrado co paso do tempo.



## EXERCICIOS

---

### Exercicio 6

En que ámbitos destacou Madame de Pompadour?

### Exercicio 7

Por que foi guillotizada Olympe de Gouges?



## SOLUCIÓNS

---

### Exercicio 1

Excluídas do dereito ao voto, privadas de que ocupasen cargos públicos, con dereito limitado á propiedade.

### Exercicio 2

Reivindicando a igualdade de xénero a través da súa participación en movementos revolucionarios e sociais.

### Exercicio 3

Xeralmente privadas do acceso ao ensino máis elemental por pertencer aos estratos máis modestos do estamento dos non privilexiados.

### Exercicio 4

Denuncia que as mulleres son educadas para desenvolver o rol de nais e esposas, amosándose a favor da igualdade educativa.

### Exercicio 5

A través dos faladoiros do seu aclamado salón literario de París, onde reunía o máis representativo dos intelectuais e dos pensadores ilustrados.

### Exercicio 6

Na política, exercendo de conselleira do rei Luís XV de Francia, e na cultura, actuando como mecenas das artes.

### Exercicio 7

Por defender os mesmos dereitos para todos, homes e mulleres, en especial, o dereito ao voto, polo que foi acusada de sedición durante a época do terror.